

- Explicacións teóricas (que poden ir acompañadas de material impreso)
- Memorización comprensiva
- Elaboración de esquemas ou resumos para aprender a estudar.
- A resolución de problemas.
- Identificación de conceptos teóricos na prensa diaria
- A procura e interpretación de textos, feitos, acontecementos, etc. Utilizando a prensa ou revistas especializadas.
- A análise de documentos diversos: gráficos, táboas de datos, imaxes, publicidade (bancaria, televisiva....)
- Uso das TIC: páxinas web e blogs para facer actividades.
- Medios informáticos (ordenador, pantalla dixital, proxector dixital e vídeos)

Criteria sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Consecuente coa consideración da avaliación como proceso inseparable da educación xurde o principio de avaliación continua, que empeza ó inicio do propio proceso educativo e procederemos a realizala en tres fases:

1. **Avaliación inicial:** avaliación dos coñecementos previos, das actitudes e das capacidades do alumnado. Realizarase fundamentalmente a través dun pequeno coloquio ó inicio de cada bloque temático, no que se lle efectuarán ós alumnos/as preguntas relacionadas cos temas a tratar. Faranse tamén neste intre remuíños de ideas sobre contidos de cada bloque, co mesmo obxecto de valorar os coñecementos previos dos alumnos/as.
2. **Avaliación formativa:** debe ter carácter regulador, orientador e auto corrector do proceso educativo, ó proporcionar información constante sobre se este proceso se adapta ás necesidades e posibilidades do alumno/a, permitindo a modificación daqueles aspectos disfuncionais. Realizarase fundamentalmente a través da observación na clase: comentarios, respostas, preguntas... e da corrección dos exercicios e traballos propostos pola profesora.
3. **Avaliación sumativa:** avaliación ó final do proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Realizarase como mínimo unha proba escrita cada trimestre, no que se intentará combinar diversos tipos de preguntas: tipo test, de resposta corta, casos prácticos... relacionados cos contidos do trimestre.

- Teranse en conta os traballos e exercicios propostos pola profesora e elaborados polos alumnos, tanto individualmente coma en grupo.
- Así mesmo, terase en conta a actitude do/da alumno/ alumna na clase: o seu grao de participación, o seu comportamento e a súa colaboración cos/cas compañeiros/ compañeiras e ca profesora.
- O alumnado será avaliado cada trimestre. Para os alumnos e as alumnas avaliados negativamente, estableceranse, ao remate cada trimestre, outras probas de recuperación, consistentes nunha proba escrita e/ou traballos complementarios que poderán expoñer na clase. En caso de non superar a proba de recuperación, o alumno deberá recuperar a materia nun exame extraordinario que terá lugar a finais de curso e no que cada alumno deberá preparar a materia das avaliacións que teña pendentes.

A importancia de cada un destes métodos de avaliación dependerá dos temas e dos/das alumnos/alumnas, xa que non tódolos casos son iguais. De tódolos xeitos, e con carácter xeral, as probas trimestrais ponderarán un 80% na nota, os exercicios ou traballos un 20%.

Avaliacións de probas ou exames: CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS (90%)		
Procedementos e instrumentos	%	Criterios de cualificación
Probas escritas: poden contar coa combinación de preguntas de tipo test, de resposta corta, e de desenvolvemento. Tamén poden incluírse exercicios prácticos e de desenvolvemento matemático, realización de gráficos, etc.	80	A duración máxima da proba será de 50 minutos. A valoración numérica de cada unha das cuestións estará indicada no enunciado da proba.
Probas orais	20	Valorarase a través de preguntas na aula ou da resolución de exercicios no encerado.
Traballos individuais		Valorarase o desenvolvemento dos contidos principais do tema de estudo, e outros aspectos como a contextualización ou a presentación.
Traballos en grupo		Valorarase a resolución de exercicios e textos de índole económico.
Traballos na aula		Valorarase a resolución de exercicios propostos.

b) Consideracións previas da materia

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

O curso ten un total de 95 sesións, 3 por semana.